

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e seis de novembro de dous mil dezaoto; as dez horas e trinta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza, Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.  
Esta presente o Intevntor do concello, don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezanove de novembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**Outorgamento licenza de obras 467/2018 RIB / C/41.10/13**

Visto o escrito presentado por **Don Manuel Prol Conde**, onde solicita Licenza de Obras para “.Proxecto Técnico de Execución de Muro de contención de pedra visado nº 1801041,2 de data 30.05.2018 e Anexo visado nº 1801042,9 de data 9.11.2018, redactado polo arquitecto don David Estévez Alonso.

Consta “.Proxecto Técnico de Execución de Muro de contención de pedra visado nº 1801041,2 de data 30.05.2018 e Anexo visado nº 1801042,9 de data 9.11.2018, redactado polo arquitecto don David Estévez Alonso.

Consta autorización do Ministerio de Fomento para construción de peche de finca e acceso á mesma polo lateral de data 1/10/2018.

*Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 21 de novembro de 2018.*

Consta informe do Secretario municipal de data 22 de novembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

**Conceder licenzas a Don Manuel Prol Conde,** para “.Proxecto Técnico de Execución de Muro de contención de pedra visado nº 1801041,2 de data 30.05.2018 e Anexo visado nº 1801042,9 de data 9.11.2018, redactado polo arquitecto don David Estévez Alonso, na parcela 30, polígono 31, Ventosela, referencia catastral 32070°031000300000YD.

### **1.- Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

*A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.*

*De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.*

*Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.*

*En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.*

**Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:**Muro de contención de pedra..

**Contía na que se orzan as obras:** 12.012,12 €

**Situación e emprazamento das obras:** Parcela 30, polígono 31, Ventosela,, Ribadavia..

**Nome ou razón social do promotor: Don Manuel Prol Conde..**

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de tres (3) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Tendo en conta que con data 6/3/2018 o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 312,31 € e visto o orzamento estimado , non procede a practica de liquidación complementaria

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde , recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

. Manterase en todo momento a limpeza do vial público

### **licenza de segregación de parcelas RIB/N/48.2/18. 752/2018**

Vista a solicitude de licenza de segregación de parcela presentada por don José Antonio Lorenzo Martínez e dona Nila Lorenzo Martínez en base a documentación técnica presentada no concello con data de 20 de abril de 2018“ .Proyecto de segregación de una parcela situada en el núcleo urbano de Francelos del municipio de Ribadavia” de data 16/04/2018 visado nº 1804251,2 de data 23.07.2018 e Anexo I visado nº 2018/00036 redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, especialidade construcións rurais Don Jesús Bernal Touza..

Consta no expediente:

Documentación técnica “ .Proyecto de segregación de una parcela situada en el núcleo urbano de Francelos del municipio de Ribadavia” de data 16/04/2018 visado nº 1804251,2 de data 23.07.2018 e Anexo I visado nº 2018/00036 redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, especialidade construcións rurais Don Jesús Bernal Touza..

Resolución do Xefe do Servizo de Patrimonio Cultural sobre actuación que afecta a un ben incluído no catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, expediente 66/440, proxecto de segregación dunha parcela dentro do núcleo urbano de Francelos.

.  
Informe favorable da arquitecta municipal de data 21 de novembro de 2018.

-Informe do secretario municipal de data 21 de novembro de 2018..

Defínese a parcela orixinal , coa seguinte superficie:

Parcela rúa Lucía nº 32 e 34 Superficie:741,00m2 Parcela catastral  
9612904NG6891S

Cunha superficie construída de 325,00 m2.

AS PARCELAS RESULTANTES SON:

PARCELA 1 Superficie:171,00 m2 Largo fachada: 12,30 m Fondo: 20,40 m

PARCELA 2 Superficie : 525,00 m2 Largo fachada:10,80 m Fondo:Estrada Filgueira.  
Cesión: Estrada Filgueira Superficie :45,00m2

Quedando a edificación existente , de 325,00 m2 de superficie construída , na parcela 1.

Vistos os artigos 150.5 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e 368.5 do Regulamento da Lei do Solo que dispón: “ toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento”

Visto o artigo 1280 do Código Civil que prescribe:” Deberán constar en documento público:

1 Os actos e contratos que teñan por obxecto a creación, transmisión, modificación ou extinción dos dereitos reais sobre bens inmobles”

Visto o artigo 30 do Real Decreto 1093/1997 polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento Hipotecario sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística que indica: “ A inscrición das cesións obligatorias efectuarase polos seguintes títulos: 3... en escritura pública

A xunta de goberno acorda:

1ºConceder licenza de segregación sobre a parcela inicial coas seguintes características:

Parcela rúa Lucía nº 32 e 34 Superficie:741,00m2 Parcela catastral  
9612904NG6891S

Cunha superficie construída de 325,00 m2.

2º Aprobar a realización da seguinte segregación de parcelas

PARCELA 1 Superficie:171,00 m2 Largo fachada: 12,30 m Fondo: 20,40 m

PARCELA 2 Superficie : 525,00 m<sup>2</sup> Largo fachada:10,80 m Fondo:Estrada Filgueira.  
Cesión: Estrada Filgueira Superficie :45,00m<sup>2</sup>

Quedando a edificación existente , de 325,00 m<sup>2</sup> de superficie construída , na parcela 1.

3º O parcelamento solicitado leva a obriga de cesión, que deberá formalizarse en escritura pública, outorgada ante notario:

Cesión Estrada Filgueira, superficie 45,00 m<sup>2</sup>.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.-**

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por don Juan Pinal Osorio solicitando acometida de auga na rúa Rosalía de Castro 15, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 16-11-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por dona Ainoa Ribeiro Fernández solicitando acometida de auga na rúa José María Martínez Vázquez, nº1, 2ºC , Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 9-11-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

#### **INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitud de información urbanística interesada por don Antonio González Castiñeiras en representación de don Francisco Etelvino Martínez Cuiñas , sobre parcela sita en Rúa Extramuros 14-16, referencia catastral 0720308NG7802S0001UT, número de expediente **RIB/N/144/18**, 2402/2018 A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 20.11.2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para parcela sita en rúa Extramuros 14-16 de Ribadavia , referencia catastral 0720308NG7802S0001UT, de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.**

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes escritos:

-Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, A Coruña, Recurso de Suplicación 1765/2018, recorrente concello de Ribadavia, que falla:

“Que estimando el recurso de suplicación interpuesto por la representación letrada del Excmo Ayuntamiento de Ribadavia contra la Sentencia de fecha 12 de febrero del año dos mil dieciocho dictada por el Juzgado de lo Social número dos de los de Ourense, dictada en juicio seguido a instancia de don \*\*\*\*\* contra la recurrente debemos revocar y revocamos la sentencia de instancia y desestimando la demanda rectora de autos debemos absolver y absolvemos al Excmo Ayuntamiento de Ribadavia de las pretensiones en su contra deducidas.

-Cédula de citación do Xulgado Social nº 4 de Ourense citando ao concello de Ribadavia como parte demandada no procedemento ordinario 00753/2018, demanda de reclamación de cantidade, demandante \*\*\*\*\*

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **INFORME SOBRE LA NO DIVISIÓN EN LOTES DEL CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL PARA EL DEPARTAMENTO DE VÍAS Y OBRAS Y ELECTRICIDAD DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.**

Visto el expediente en trámite para la contratación de suministro de material para el departamento de vías y obras y electricidad del ayuntamiento de Ribadavia .

Visto el artículo 99.3 de la Ley de Contratos del Sector Público.

Considerando que con la no división en lotes del objeto del contrato se cumplen con los requisitos de procedimiento , publicidad y los principios de igualdad y no discriminación establecidos en la normativa de contratación.

La Junta de Gobierno local por unanimidad acuerda:

El objeto del contrato no se divide, a efectos de su ejecución, en lotes por el riesgo para la correcta ejecución del contrato derivada de la naturaleza del mismo, debido que con la división en lotes del objeto del contrato se incrementarían los costes de ejecución por la existencia de una pluralidad de contratistas diferentes, se perderían las economías de escala, la coordinación de la ejecución de las prestaciones y la optimización del control de la ejecución global del contrato.

**Acuerdo de inicio del expediente de contratación de CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL PARA EL DEPARTAMENTO DE VÍAS Y OBRAS Y ELECTRICIDAD DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA**

Visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE, de 26 de febrero de 2014, y en ejercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de junio de 2015,

La Junta de Gobierno Local acuerda:

**PRIMERO.-** Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto simplificado para **CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL PARA EL DEPARTAMENTO DE VÍAS Y OBRAS Y ELECTRICIDAD DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA**, convocando su licitación.

**SEGUNDO .**Aprobar el gasto correspondiente 50.000 IVA incluido.

**TERCERO.-** Aprobar los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato.

**CUARTO.-** Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el Anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

**QUINTO.-** Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas. La documentación necesaria para la presentación de las ofertas tiene que estar disponible el mismo día de la publicación del anuncio de licitación.

**SEXTO.-** Finalizado el plazo de presentación de las proposiciones, se procederá a la apertura de las proposiciones y a su valoración.

**SÉPTIMO.-** Efectuada la valoración de las proposiciones y la propuesta de adjudicación, se procederá a la adjudicación.



**ADHESION AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS PARA REALIZACION DE ACTUACIONES DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAIS E PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2019.-**

Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa Provincial de Cooperación cos Concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provincial para o exercicio 2019, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**

1º.- Aprobar a adhesión do Concello de Ribadavia ao Programa provincial de Cooperación cos Concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2019, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 4.500 euros.

2º.- Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponde do programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por Resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.

3º.-Declarar que o Concello de Ribadavia non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar o corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

**XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº16/18.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº16/18, por importe de 1.500 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº17/18.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº17/18, por importe de 6.146 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**TOMA DE COÑECEMENTO DE CONVENIOS DE COLABORACION PARA ACTIVIDADES DE NADAL 2018.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, toma coñecemento dos Convenios seguintes:



1. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2018 e outras coa entidade Consello Regulador da denominación de Orixe Ribeiro, por importe de 500 euros.

2. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2018 coa entidade Aqualia S.A., por importe de 2.000 euros.

3. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2018 coa entidade Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, por importe de 1.000 euros.

4. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2018 coa entidade Instalacións Amando S.L., por importe de 1.000 euros.

5. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2018 coa entidade Termas de Prexigueiro S.L., por importe de 500 euros.

#### **APROBACION DE CONVENIO**

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Asociación de Establecementos Asociados do Ribeiro para o desenvolvemento de actividades de promoción do comercio local.

#### **Subvencións a entidades para mantemento de campos de fútbol 2018.**

Visto o escrito presentado por dona Sandra Veleiro González , con número de rexistro de entrada no concello 5463 de 23 de novembro de 2018 , en calidade de presidenta do Ribeiro do Avia Club de Fútbol, relativo a notificación sobre resolución da convocatoria de subvencións para o mantemento de campos de fútbol., no que expón que sendo rexeitada a factura nº 130418 de Ranking la tienda del deporte SL, expón que en dita factura existe a compra dunha rede de portería por importe de 139 euros.

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 27/11/2018 no que se indica :

“ Corresponde admitir parcialmente a factura aportada na fase de xustificación de Ranking la tienda del deporte SL , ao axustarse iste artigo aos gastos subvencionables recollidos nas bases da convocatoria

Polo que procede o pagamento da totalidade da cantidade concedida , cumprindo as bases da convocatoria:

RIBEIRO DO AVIA F.C

1100 euros.”

O citado informe incorpórase como motivación ao presente acordo, aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e copia do mesmo dárase traslado ao interesado.

A xunta de goberno por unanimidade acorda:

Abonar a Ribeiro do Avia FC a contía de 1100 euros en concepto de subvención a entidades para mantemento de campos de fútbol 2018 correspondente a cantidade xustificada correctamente.

**APROBACION DE CONTA XUSTIFICATIVA DE GASTOS DE MANTEMENTO DO G.E.S.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a conta xustificativa da subvención concedida a esta entidade ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, co teor que consta no expediente.”

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas e vinte e cinco e cinco minutos da mañá, ergueuse a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**